



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA
CASTELÁ E LITERATURA.**

BACHARELATO

CURSO: 2020-2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga

Os membros do Departamento de Lingua Castelá e Literatura do IES de Vilalonga asinan a presente

Programación Didáctica:

Rafael Arines Gago.

Fátima Barreiro Pérez.

Sonia Belén Castro Torres

Gloria González Camiña-

Vicente Grandal López.

Gemma Sánchez Castrillón.

En Vilalonga, a 26 de outubro de 2020



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Introducción	5
1.2. Centro	5
1.3. Alumnado	5
1.4. Composición do departamento.....	6
1.5. Marco legal	7

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....8

3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA9

4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES COA SÚA TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.1. 1º de Bacharelato.....	11
4.2. 2º de Bacharelato.....	27

5. METODOLOXÍA.....46

6. MATERIAIS E RECURSOS POR CURSOS48

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. Procedemento de avaliación	50
7.1.1. 1º de Bacharelato	50
7.1.2. 2º de Bacharelato	58
7.2. Criterios de promoción e recuperación de pendentes	61
7.3. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	62
7.3.1. Autoavaliación	62
7.3.2. Avaliación por parte do alumnado.....	64

8. ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN A UNHA ENSINANZA COMPLETAMENTE TELEMÁTICA

8.1. 1º de Bacharelato.....	65
8.1.1. Estándares imprescindíbeis	65
8.1.2. Criterios sobre a avaliación e cualificación na ensinanza telemática	68
8.2. 2º de Bacharelato.....	69
8.2.1. Estándares imprescindíbeis	69



8.2.2. Criterios sobre a avaliación e cualificación na ensinanza telemática	71
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	71
10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	72
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	72
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.....	73



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

1.1 INTRODUCCIÓN.

O estudo da lingua constitúe unha necesidade básica dentro da ensinanza secundaria. En tanto medio de comunicación primordial para o desenvolvemento de calquera actividade diaria que implique a máis mínima interacción entre individuos, non pode haber materia máis útil e fundamental que a lingua. Esta proporciona aos alumnos e futuros cidadáns o vehículo para unha adecuada interacción, a capacidade e a competencia para comunicarse nas diversas situacións e niveis nos que se desenvolverá a súa vida cotiá e, ademais, permitirlle acceder ao enorme caudal imaxinativo da cultura do país, das súas tradicións máis arraigadas e do seu acervo cultural inserto na súa literatura e nos escritos dos seus escritores e pensadores máis sobranceiros.

A lingua é pensamento (crecemento individual, formación persoal) pero tamén comunicación, interacción, intercambio de ideas e pragmática. Esta programación didáctica de lingua castelá e literatura non é allea a esas consideracións fundamentais, por iso o maior logro como docentes é a formación integral dos alumnos como futuros cidadáns participantes na sociedade moderna e democrática de España, dotados de capacidade crítica e de medios expresivos e oratorios que os capaciten para o seu desenvolvemento civil, na vida diaria ou no desempeño dos seus empregos.

1.2 CENTRO.

O I.E.S. de Vilalonga está localizado nunha zona rural, no lugar da Salgueira, parroquia de Vilalonga, concello de Sanxenxo (Pontevedra). Comezou a súa actividade en novembro de 1980 como instituto de Formación Profesional, fundíndose, en 1989, co Instituto de Bacharelato que se creara ao seu carón baixo a denominación actual.

A oferta educativa do Centro abarca desde a ESO e o Bacharelato (Científico-Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais), os Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Electromecánica de Vehículos) e Superior (Administración e Finanzas), a Formación Profesional Básica (Mantemento de Vehículos e servizos Administrativos) até a ensinanza de adultos (Nivel II de Educación Secundaria de Adultos e a Oferta Modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa).

1.3 ALUMNADO.

Respecto ao alumnado, debemos distinguir dous grupos: o que chega para cursar o 1º curso nos distintos niveis e os que xa son alumnos do Centro nos demais cursos. No primeiro grupo atópase o alumnado de 1º de ESO, que provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla), mentres que en 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro (4º de ESO), do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado tamén é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove e mesmo



Pontevedra. Nos restantes cursos de ESO, Bacharelato e Ciclos o alumnado é o que prosegue os seus estudos, ao que ocasionalmente se suma algún outro que cambia de centro por diversos motivos.

O perfil do alumnado na zona de influencia do centro ten un trazo destacado na falta de esforzo e de valoración do estudo favorecidas polas dúas actividades económicas máis influentes nos concellos de orixe, que son a vitivinícola e a de servizos no turismo. Deste xeito, a ligazón do alumnado a estas actividades reduce, ao longo do curso e sobre todo na convocatoria extraordinaria de setembro, o seu rendemento académico como resultado da importancia que no ámbito familiar se lle concede ao diñeiro como meta social. Esta dificultade faise máis patente na secundaria obrigatoria e no 1º curso de Bacharelato porque este alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidades necesarias para o estudo dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse.

Por outra banda, os casos de indisciplina tenden a reducirse nos últimos anos e están localizados case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio (1º e 2º de ESO e FPB).

1.4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.

Neste presente curso 2020-2021 contamos con 6 profesores; catro deles con destino definitivo no centro, unha provisional e unha interina que comparte horario coa materia de Filosofía. Impartimos os seguintes cursos e materias coas correspondentes horas lectivas e, no seu caso, con redución por cargos:

ARINES GAGO, RAFAEL:

- Lingua Castelá e Literatura de 2ºESO (6 h.)
- Dirección (17 h.)

BARREIRO PÉREZ, FÁTIMA:

- Lingua Castelá e Literatura de 1º BACH. (6 h.)
- Lingua Castelá e Literatura de 2º BACH (6 h.)
- Ámbito Lingüístico e social da Ensinanza de Adultos (5h.).
- Xefatura de Departamento (2 h.)
- Titoría de 2º BACH

CASTRO TORRES, SONIA BELÉN:

- Lingua Castelá e Literatura de 1º ESO (10 h.)
- Titoría de 1º ESO (1 h.)
- Lingua Castelá e Literatura de 3º ESO (3 h.)
- Lingua Castelá e Literatura de 1º BACH (6 h.)



GONZÁLEZ CAMIÑA, GLORIA (PROFESORA COMPARTIDA CO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA):

- Lingua Castelá e Literatura de 1º ESO (5 h.)
- Lingua Castelá e Literatura de 2º ESO (3 h.)
- Titoría de 2º ESO (1 h.)
- Lingua Castelá e Literatura de 1º BACH (3 h.)

GRANDAL LÓPEZ, VICENTE:

- Lingua Castelá e Literatura de 3º ESO (6 h.).
- Lingua Castelá e Literatura de 4º ESO (9 h.)
- Literatura Universa de 1º BACH (4 h.)

SÁNCHEZ CASTRILLÓN, GEMMA:

- Lingua Castelá e Literatura de 2º BACH (9 h.)
- Xefatura de estudos de nocturno (14 h.)

1.5. MARCO LEGAL.

A normativa legal que rexe esta programación é a que segue:

- Real Decreto 1105/2014 de 26 de diciembre polo que se establece o currículo básico en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. BOE del 3 de enero de 2015.
- Ley orgánica 8/2013 do 9 de diciembre para a mellora da calidade educativa. BOE del 10 de Diciembre de 2013.
- Orden ECD/65/2015 de 21 de enero pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE del 29 de enero de 2015.
- Decreto 86/2015 de 25 de xuño polo que se establece o currículo en educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. DOGA do 29 de xuño de 2015.



2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

O Decreto que desenvolve a LOMCE en Galicia explicita no artigo 3 a necesidade de fomentar no alumnado as chamadas competencias clave. Estas insisten no desenvolvemento das capacidades do alumnado, é dicir, o “saber facer” nos diversos ámbitos da vida adulta.

O currículo desta materia, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística (CCL). Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren desde unha lingua, transfírense e aplican á aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe, do mesmo modo, a acrecentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

Apréndese a falar e escoitar, a ler e escribir, para a interacción comunicativa, pero tamén para adquirir novos coñecementos. A linguaxe, a parte de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coa competencia clave de aprender a aprender (CCA). Do mesmo xeito, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuales (metalinguaxe gramatical) e procedimentais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substitución de elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, uso de diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnóstico e reparación de erros, etc.) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender a lingua.

Por outra banda, aprender a empregar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar no sentido de iniciativa e na regulación da propia actividade con progresivo espírito emprendedor (CSIEE).

A materia axuda ao tratamento da información e a competencia dixital (CD) ao proporse como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a búsqueda e a selección de información relevante, segundo as diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A búsqueda e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou de Internet. A realización guiada destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. De feito, o currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen



no proceso de escritura: planificación, execución do texto, revisión. Por suposto, a competencia social e cívica (CSC), entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendimento entre as persoas, pois, como xa se mencionou con anterioridade, aprender unha lingua é aprender a comunicarse con outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Os novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escritura e dos coñecementos ligáranse con estas dúas competencias.

Por outro lado, a educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado con esta competencia (CSC): a constatación da variedade dos usos da lingua, a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación. Ademais, a materia contribúe a esta competencia na medida en que se analizan os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuir á erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

Dentro desta materia, a lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao logro dunha competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC) entendida como a aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante en tanto se relacione ao aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine.

O rigor e a precisión no emprego da lingua son requisitos imprescindibles para o estudo das disciplinas que tratan o mundo físico e as matemáticas. As diferenzas entre a lingua escrita e a lingua oral, a obxectividade e a subxectividade, a divulgación e a especialización, son conceptos clave na expresión científica. Por iso, na medida en que o estudo e a práctica da lingua propia contribúe á consecución da precisión e o rigor das mensaxes, esta materia axuda a acrecentar nos alumnos a competencia matemática e a competencia en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

3. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

Segundo o artigo 25 do Decreto 86/2015 de 25 de xuño polo que se establece o currículo en educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, DOGA do 29 de xuño de 2015, os obxectivos desta etapa son os seguintes:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.



- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O propio Decreto vinculará algúns destes obxectivos cos estándares propios da materia como veremos sinalados a través da letra nas táboas do seguinte apartado.



4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTES ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.1. 1º DE BACHARELATO.

O tratarse do primeiro curso de Bacharelato, non é preciso atender aos estándares non impartidos na etapa anterior por mor da declaración do estado de alarma.

Lingua Castelá e Literatura I. 1º de bacharelato									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Grao mínimo de consecución do estándar	Temporalización			Competencias clave
						1ªav	2ªav	3ªav	
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar									
a e g m	B1.1. Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.	B1.1. Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde preestablecida e utilizando as técnicas de exposición oral e as tecnoloxías da información e da comunicación.	LCL1B1.1.1. Realiza exposicións orais sobre temas especializados, consultando fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información e seguindo unha orde previamente establecida.	Traballo de exposición oral. Rúbrica 1.	Realiza exposicións orais, consulta fontes e realiza guions para a exposición.	X			CD
			LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Rúbrica 1.	1ª av.: 0'4 de media entre os ítems 1, 2, 3, 4 e 5 da rúbrica 1. 2ª av.: 0'5 de media entre os ítems 1, 2, 3, 4 e 5 da rúbrica 1. 3ª av.: 0'5 ítems 1, 2,	X	X	X	CCL



					3, 4 e 5 da rúbrica 1..				
			LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	Rúbrica 1.	1ª av.: 0'4 de media entre os ítems 6, 7, 8 e 9 da rúbrica 1. 2ª av.: 0'5 de media entre os ítems 6, 7, 8 e 9 da rúbrica 1. 3ª av.: 0'5 en cada un dos ítems 6, 7, 8 e 9 da rúbrica 1.	X	X	X	CSC
			LCL1B1.1.4. Avalía as súas propias presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detecta as dificultades estruturais e expresivas, e diseña estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	Rúbrica 1.	1ª av.: 0'5 no ítem 10 da rúbrica 1. 2ª av.: 0'75 no ítem 10 da rúbrica 1. 3ª av.: 1 no ítem 10 da rúbrica 1.	X	X	X	CAA
d e g	B1.2. Textos expositivos e argumentativos orais. B1.3. Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.	B1.2. Sintetizar por escrito o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, videoconferencias, etc., discriminando a información	LCL1B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo, de temas especializados e propios do ámbito educativo, discriminando a información relevante.	Preguntas sobre vídeos. Rúbrica 2.	0'5 no ítem 1.	X			CCL
			LCL1B1.2.2. Recoñece as formas de organización do contido nunha exposición oral	Preguntas sobre	0'5 de media entre os	X			



		relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor, e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa.	vídeos. Rúbrica 2.	ítems 2 e 3.				CCL
			LCL1B1.2.3. Escoita de xeito activo, toma notas e suscita preguntas coa intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral.	Preguntas sobre vídeos. Rúbrica 2.	2ª av.: 0'5 no ítem 3.	X			CAA
d	B1.4. Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.	B1.3. Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	Cuestións escritas sobre textos xornalísticos orais. Observación directa.	Diferencia os principais xéneros xornalísticos a partires do análise das súas características.			X	CSC
e			LCL1B1.3.2. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	Cuestións escritas sobre textos xornalísticos orais. Observación directa.	Analiza e valora criticamente textos xornalísticos orais.			X	CSC
g									



Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Grao mínimo de consecución do estándar	Temporalización			Competencias clave
						1ªav	2ªav	3ªav	
b h	B2.1. A comunicación escrita no ámbito educativo. B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.	LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	Preguntas en probas escritas. Traballos escritos.	1ª av.: Desenvolve por escrito un tema relacionado coa literatura da Idade Media. 2ª av.: Desenvolve por escrito un tema relacionado coa literatura dos SS. XVI e XVII. 3ª av.: Desenvolve por escrito un tema relacionado coa literatura dos SS. XVIII e XIX.	X	X	X	CCL
			LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.	Preguntas en probas escritas. Traballos escritos. Rúbrica 3.	1ª av.: 0'25 nos ítems 4 e 7 da rúbrica. 2ª av.: 0'5 de media entre os ítems 4 e 7 da rúbrica. 3ª av.: 0'5 en cada un dos ítems 4 e 7.	X	X	X	CSC
			LCL1B2.1.3. Avalúa as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as,	Observación	Avalúa as producións escritas	X			



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga

			recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.	directa.	propias e alleas, sinalando melloras.				CAA
e g h	B2.2. Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo.	B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.	Preguntas en probas escritas.	Identifica o tema e a estrutura de textos expositivos escritos.	X			CCL
e g h l	B2.3. Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade.	B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo e de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.	LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.	Preguntas en probas escritas.	Resume adecuadamente textos expositivos escritos.	X			CMCC T
			LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a, tema e xénero textual).	Preguntas en probas escritas.	Analiza textos expositivos escritos relacionando as súas características coa situación comunicativa.	X			CSC
b e g	B2.4. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de	B2.4. Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes	LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.	Traballo exposición. Rúbrica 3.	Prepara os seus traballos de investigación, realiza esquemas de organización e borradores de	X			CAA



h	información.	diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora.	LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.	Traballo exposición. Rúbrica 3.	Selecciona información de diversas fontes.	X			CD
			LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía).	Traballo exposición. Rúbrica 3.	Presenta limpo e ordenado en epígrafes o traballo escrito e inclúe bibliografía.	X		CCL	
			LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos.	Traballo exposición. Observación directa.	Emprega as tecnoloxías da información para a realización de textos escritos.	X		CD	

Bloque 3. Coñecemento da lingua

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Grao mínimo de consecución do estándar	Temporalización			Competencias clave
						1ªav	2ªav	3ªav	
d e	B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica,	B3.1. Aplicar sistematicamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na	LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia,	Observación directa.	Revisa textos propios e alleos e introduce	X	X	X	CCL



	<p>sintáctica e semántica.</p> <p>B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.</p> <p>B3.4. Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos.</p> <p>B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.</p> <p>B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.</p>	<p>realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<p>réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc.</p> <p>LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.</p>	<p>Actividades escritas recollidos pola profesora.</p> <p>Preguntas específicas en probas escritas.</p> <p>Rúbrica 5.</p>	<p>melloras.</p> <p>1ª av.: Emprega terminoloxía gramatical na análise de textos exositivos.</p> <p>2ª av.: Emprega terminoloxía gramatical na análise de textos argumentativos.</p> <p>3ª.: Emprega terminoloxía gramatical na análise de textos dos medios de comunicación.</p>	X	X	X	CCL
e	<p>B3.1. Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.2. Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.</p> <p>B3.3. Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.</p> <p>B3.4. Pronome: tipoloxía e</p>	<p>B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronomes, artigos e determinantes), e explicar os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).</p>	<p>Actividades escritas recollidos pola profesora.</p> <p>Preguntas específicas en probas escritas.</p> <p>Rúbrica 5.</p>	<p>1ª av.: Analiza o emprego dos substantivos en textos expositivos.</p> <p>2ª av.: Analiza o emprego dos substantivos en textos argumentativos.</p> <p>3ª av.: Analiza o emprego dos</p>	X	X	X	



<p>valores gramaticais.</p> <p>B3.5. Determinantes: tipoloxía e usos.</p> <p>B3.6. Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.</p> <p>B3.7. Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.</p> <p>B3.8. Preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.</p>				<p>substantivos en textos dos medios de comunicación.</p>				CCL
		<p>LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e os valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).</p>	<p>Actividades escritas recollidos pola profesora.</p> <p>Preguntas específicas en probas escritas.</p> <p>Rúbrica 5.</p>	<p>1ª av.: Analiza o emprego dos adxectivos en expositivos.</p> <p>2ª av.: Analiza o emprego dos adxectivos en textos argumentativos.</p> <p>3ª av.: Analiza o emprego dos adxectivos en textos dos medios de comunicación.</p>	X	X	X	CCL
		<p>LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).</p>	<p>Actividades escritas recollidos pola profesora.</p> <p>Preguntas específicas en probas escritas.</p> <p>Rúbrica 5.</p>	<p>1ª av.: Analiza o emprego dos verbos en textos narrativos, descritivos.</p> <p>2ª av.: Analiza o emprego dos verbos en textos argumentativos.</p> <p>3ª av.: Analiza o emprego dos verbos en textos expositivos.</p>	X	X	X	CCL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

			LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas específicas en probas escritas. Rúbrica 5.	1ª av.: Analiza o emprego dos pronomes en expositivos. 2ª av.: Analiza o emprego dos pronomes en textos argumentativos. 3ª av.: Analiza o emprego dos pronomes en textos dos medios de comunicación.	X	X	X	CCL
			LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores do artigo determinado e do indeterminado, e de calquera tipo de determinantes, en relación coa súa presenza ou ausencia coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas específicas en probas escritas. Rúbrica 5.	1ª av.: Analiza o emprego dos dterminantes en textos expositivos. 2ª av.: Analiza o emprego dos determinantes en textos argumentativos. 3ª av.: Analiza o emprego dos determinantes en textos dos medios de comunicación.	X	X	X	CCL
b d	B3.9. Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas.	B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos	LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras.	Preguntas en probas escritas.	Recoñece as funcións principais da oración simple.	X			CCL



e	Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas, impersonais e medias, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen.	Preguntas en probas escritas.	Recoñece as oracións activas, pasivas e impersonais.		X		CCL
			LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal.	Preguntas en probas escritas.	Recoñece as oracións subordinadas substantivas e súa función dentro da oración principal.		X		CCL
			LCL1B3.3.4. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas de relativo, identificando o antecedente que modifican.	Preguntas en probas escritas.	Recoñece as oracións subordinadas de relativo e o seu antecedente.			X	CCL
			LCL1B3.3.5. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando progresivamente estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.	Observación directa.	1ª av.: incorpora nos seus textos léxico específico adquirido ao longo da 1ª avaliación. 2ª av.: incorpora nos seus textos léxico específico adquirido ao longo da 2ª avaliación. 3ª av.: incorpora nos seus textos léxico específico adquirido ao longo da 3ª avaliación.	X	X	X	CCL
e	B3.10. Observación, reflexión e explicación das formas de	B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais	LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos,	Actividades escritas recollidos	1ª av.: Recoñece os trazos principais dos	X	X	X	



	organización textual.	identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.	descriptivos, expositivos e argumentativos.	pola profesora. Preguntas en probas escritas. Rúbrica 5.	textos expositivos. 2ª av.: Recoñece os trazos principais dos textos argumentativos. Recoñece os trazos principais dos textos dos medios de comunicación.					CCEC
			LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Preguntas en probas escritas. Rúbrica 5.	1ª av.: Analiza un texto expositivo diferenciando os planos de análise. 2ª av.: Analiza un texto argumentativo diferenciando os planos de análise. 3ª.: Analiza un texto procedente dos medios de comunicación diferenciando os planos de análise.	X	X	X		CCL
d e	B3.11. Recoñecemento e explicación das propiedades textuais. Os seus procedementos. Modalidade.	B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.	LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Actividades escritas recollidos pola profesora. Rúbrica 3.	1ª av.: 0'25 no ítem 5 da rúbrica. 2ª av.: 0'5 no ítem 5 da rúbrica. 3ª av.: 0'75 no ítem 5 da rúbrica.	X	X	X		CCL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga

			LCL1B3.5.2. Identifica, analiza e interpreta as formas gramaticais que fan referencia ao contexto temporal e espacial, e aos participantes na comunicación.	Preguntas en probas escritas.	Identifica recursos gramaticais de carácter deíctico.	X			CCL
			LCL1B3.5.3. Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención comunicativa e do resto dos elementos da situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e de subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto.	Actividades escritas recollidos pola fesora. Preguntas en probas escritas.	1ª av.: Identifica as marcas de obxectividade nos textos expositivos. 2ª av.: Identifica as marcas de subxectividade nos textos argumentativos.	X	X		CSC
b e g	B3.12. Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.	LCL1B3.6.1. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	Observación directa.	Consulta fontes de información para resolver dúbidas gramaticais.	X	X	X	CD
e h n	B3.13. Coñecemento e explicación da pluralidade lingüística de España. As súas orixes históricas.	B3.7. Coñecer a orixe e a evolución das linguas de España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.	LCL1B3.7.1. Explica, a partir dun texto, a orixe e a evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.	Preguntas en probas escritas.	Clasifica textos en base as variedades diacrónicas e diatópicas.			X	CSC



a c d e	B3.14. Recoñecemento e explicación das variedades funcionais da lingua.	B3.8. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos.	LCL1B3.8.1. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.	Observación directa.	Emprega a variedade formal da lingua nos contextos adecuados.	X	X	X	CCL
			LCL1B3.8.2. Explica, a partir dos textos, a influencia do medio social no uso da lingua, e identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos que supoñen unha valoración pexorativa cara ás persoas usuarias da lingua.	Observación directa.	Identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos de carácter pexorativo.	X			CSC
i l	B3.15. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	LCL1B3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Observación directa.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas.		X		CCL CAA
g h	B3.16. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCL1B3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Observación directa.	Emprega coñecementos adquiridos no estudio doutras linguas para mellorar a expresión en castelán.		X		CAA



Bloque 4. Educación literaria

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Instrumentos e métodos de avaliación	Grao mínimo de consecución do estándar	Temporalización			Comp. clave
						1ªav	2ªav	3ªav	
90%	<p>Probas escritas ou exames.</p> <p>Haberá un só exame por avaliación sempre con dúas opcións (excepto na 1ª avaliación) a escoller polo alumnado.</p> <p>Esta proba escrita estará constituída por catro destrezas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Bloque I: comprensión lectora e expresión escrita. (3 puntos) • Bloque II: cuestións sobre a materia de lingua. (3 puntos) • Bloque III: monografías. (2 puntos) • Bloque IV: cuestións de historia da Literatura. (2 puntos). <p>O bloque III fai referencia aos estudos monográficos das lecturas do curso. Estas serán comprobadas no exame de avaliación e o alumnado demostrará que leu a obra, que a entendeu e que é quen de defender calquera das cuestións propostas.</p>
10%	<p>Avaliaránse dúas actividades por avaliación. Estas poden ser tanto comentarios críticos, como comentarios literarios ou algunha actividade oral.</p>

Debe terse en conta que na avaliación dunha materia como Lingua Castelá existen elementos como a corrección e a expresión que son en sí mesmos esenciais, non só por ser básicos na cualificación da materia en si (véase estándar LCL2B2.4.2.; LCL2B3.5.1.; LCL2B3.5.2.; LCL2B3.6.2.; LCL2B3.6.6), senón tamén por ser esta materia fundamento no avance do alumnado na aprendizaxe de calquera outra disciplina, sexa esta da índole que sexa. A boa expresión lingüística, o dominio dos rexistros e posibilidades expresivas dunha lingua coa claridade necesaria constitúen a trabe capital de calquer saber humano. Por iso, precisamente, serán considerados indispensables na avaliación da materia.

Nas probas escritas detraeranse as seguintes cantidades por erros ortográficos, de presentación, expresión ou adecuación:

- ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos: 0,2 puntos por cada falta de ortografía diferentes que non teñan relación cos acentos e 0,2 puntos por cada tres faltas de acentuación diferentes.
- Ademais, descontarase ata un máximo de 1 punto por erros de expresión e presentación (marxes, párrafos,...).

Estas indicacións sobre deducións nas calificacións de probas escritas poderán ser, en todo caso, modificadas pola profesora (en ningún caso ampliando os límites impostos).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga

Por conseguinte, **a cualificación de cada avaliación** será a suma desas dúas porcentaxes, sendo o 5 a nota establecida como aprobado.

Ao contar con estándares considerados continuos e, en moitos casos progresivos dependendo do alumnado, **a cualificación final da materia, en maio**, obterase da cualificación da 3ª avaliación. Entenderáse superada a materia cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

Ao final de curso, en maio, o alumnado que non acadase o 5 terá a posibilidade de realizar unha proba final co mesmo valor (90%) que para os seus compañeiros.

A proba extraordinaria de xuño será o 100%. É dicir, só se terá en conta o exame e a materia superárase se o alumno ou alumna acada o 5 ou máis.

O feito de coller a un alumno ou alumna copiando, ben sexa a través dun dispositivo electrónico ou mediante calquera outro mecanismo, será motivo de suspenso automático (en calquera das avaliacións e na proba extraordinaria). Do mesmo modo, a asistencia ás probas ten carácter obrigatorio a non ser que se xustifique con documentación oficial.



RÚBRICA DE COMENTARIO CRÍTICO

	0 PUNTOS	0'25 PUNTOS	0'5 PUNTOS	0'75 PUNTOS	1 PUNTO
1. TEMA Y TESIS	No hace la tarea o no identifica el tema y la tesis.	Identifica el tema, pero no identifica la tesis.	Identifica la tesis, pero la enuncia de manera incorrecta.	Identifica el tema y la tesis, pero parafrasea el texto al enunciarla.	Identifica y expresa correctamente el tema y la tesis.
2. ARGUMENTACIÓN	No hace la tarea, no demuestra haber entendido los argumentos en el texto y no argumenta en ningún momento.	Solo enuncia ideas sin argumentar. Opina sin concretar o justificar.	Demuestra haber entendido los argumentos del texto, pero no contraargumenta ni añade más a su favor.	Demuestra haber entendido los argumentos del texto y defiende su(s) idea(s) con solo un argumento sólido.	Demuestra haber entendido los argumentos del texto y a través de ese entendimiento escribe sus propios argumentos, sólidos, variados, defendiendo sus ideas y creando un texto crítico propio.
3. COHERENCIA Y COHESIÓN.	No realiza la tarea, es demasiado breve, es plagiado o presenta más de cinco incoherencias.	Conectores escasos o repetitivos. Hay más de dos conectores mal empleados. Presenta entre 3 y 5 incoherencias.	Los conectores son repetitivos. Hay 2 conectores más empleados. Presenta 1 o 2 incoherencias.	Los conectores son escasos, pero no repetitivos. Solo hay un conector mal empleado y no hay ninguna incoherencia.	Los conectores están bien empleados, son variados y usa todos los necesarios. No presenta ninguna incoherencia.
4 REGISTRO VOCABULARIO	No realiza la tarea, es demasiado breve o es plagiado.	El texto presenta un vocabulario pobre o repetitivo, con palabras de significado amplio. Más de 3 términos mal empleados.	El texto presenta un vocabulario repetitivo en alguna ocasión, pero prescinde de palabras baúl. Entre uno y 3 términos mal empleados.	El vocabulario es variado, pero presenta una escasez de términos específicos.	El vocabulario es variado, sin palabras baúl y con un uso adecuado de tecnicismos o registro específico.
6. ORGANIZACIÓN DEL TEXTO.	No realiza la tarea, es demasiado, breve, es plagiado o presenta las ideas de manera caótica sin respetar la estructura textual.	El texto presenta una estructura adecuada, pero la organización de las ideas en el cuerpo argumentativo es deficiente.	El texto tiene las ideas bien organizadas, pero la introducción y la conclusión no cumplen los requisitos.	El texto presenta una organización adecuada, pero falla o bien la introducción o bien la conclusión.	El texto está bien estructurado (introducción, cuerpo con argumentación y conclusión).



7.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN E RECUPERACIÓN DE PENDENTES.

En casos nos que o alumnado de bacharelato non acade a cualificación mínima que supón o aprobado da materia e, polo tanto, non logre superar os estándares e as competencias clave, terá varias opcións:

- por unha banda, a **proba extraordinaria de xuño** a cal terá un valor do 100% da cualificación. Esta proba corresponderase coa materia impartida durante o curso en cada nivel.
O alumnado deberá ser moi coidadoso coa puntualidade. Esperará quince minutos para poder saír e a partir dese momento non se permitirá a entrada de ninguén ao examen.
- Por outra, a **recuperación da materia pendente** do curso anterior. Neste caso, o alumnado contará cunha serie de exames parciais ou cun examen final. De teren aprobado os exames parciais, os alumnos e alumnas xa non terán que presentarse a esa proba final. Porén, se non son quen de acadar o aprobado nos parciais, terán que presentarse ao exame final.

A cualificación das probas será a que segue:

100%	Exames parciais.
En caso de non superar esta opción, contarán cun exame final que valerá un 100%	

Cabe destacar que o Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato expón, no seu artigo 36, a “Continuidade entre materias de bacharelato” (pax. 25479), sendo Lingua Castelá e Literatura unha delas. A superación da materia do segundo curso de Bacharelato estará condicionada á superación da correspondente materia en primeiro. É dicir, de non ter superado a materia pendente de 1º de Bacharelato, a materia de 2º contará como suspensa.



7.3. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

7.3.1. AUTOAVALIACIÓN.

Os procesos da ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente aglutinan unha importante cantidade de subprocesos ou fases, ámbitos de reflexión e actuación, instrumentos, etc., cada un dos cales é susceptible de avaliación. Todo modelo de autoavaliación proposto sobre estes aspectos só pode ter un carácter provisorio e parcial. A seguinte rúbrica plantexa, pois, unha posibilidade de avaliar estes procesos entre outras, que pode e debe ser tomada simplemente como un punto de partida que pode ser mellorado e completado en anos sucesivos, como un edificio en permanente construción. Esta proposta establece a avaliación do proceso de ensino a partir de catro dos seus aspectos:

- a. *o proceso de avaliación inicial*: que implica a toma de contacto cos alumnos, a busca de intereses, o recoñecemento da diversidade das aulas, etc.
- b. *o proceso da práctica na aula*: a relación entre alumno-profesor, a interacción na aula, o desenvolvemento da materia, a orde temporal da actividade...
- c. *a metodoloxía*: íntimamente ligada ao punto anterior, o modo en que os diferentes medios didácticos se integran no proceso de ensinanza.
- d. *a avaliación final*: entendida como o momento final do proceso de ensino, co que -só en certo modo- conclúe.

ASPECTOS A AVALIAR		INDICADORES DE LOGRO	OBSERVACIÓNS.
Avaliación inicial.		Identifica axeitadamente ao alumnado con máis dificultades.	
		Avalía axeitadamente as principais competencias comunicativas, lingüísticas e estéticas dos alumnos.	
Método de traballo	Libro de texto ou apuntamentos	Organiza axeitadamente os contidos de maneira que o seguimento das clases é máis fácil.	
		Motiva e estimula aos alumnos descubríndolles novos temas sobre os que discorrer desde a súa experiencia.	
		Resulta didáctico e aclarador, de fácil uso, intuitivo para o alumno.	
		Propón actividades interesantes que permiten o desenvolvemento de competencias e estándares.	
		Permite un bo tratamento da diversidade e propón actividades de reforzo.	
		Motivan aos alumnos para efectuar novas lecturas	



	Lecturas	Habilitan para a mellora das habilidades léxicas.	
		Permiten o tratamento de temas transversais.	
		Suscitan a reflexión crítica sobre temas de actualidade.	
	Recursos e TICs	Utilízanse medios dixitais para dinamizar as clases.	
		Permiten combinar o traballo individual e de grupo.	
		Altéranse diversos tipos de material expositivo para o desenvolvemento da materia.	
Orde das aulas	Temporalización	Permite unha visión completa do temario.	
		Axústase ás características do alumnado.	
		É susceptible de modificación e non demasiado ríxida.	
	Estrutura das clases	Repártese equitativamente o tempo entre o profesor e os alumnos.	
		Os alumnos participan activamente no desenvolvemento das actividades.	
		Combínase o traballo individual e colectivo (por parellas, por pequenos grupos) dentro do gran grupo.	
	Reforzo e diversidades	Posibilítase real e efectivamente a recuperación de alumnos con avaliacións parciais suspensas.	
		Contempla un espazo para o alumnado cun grao elevado de excelencia académica.	
	Avaliación final.	As probas obxectivas amosan suficientemente a competencia verbal e comunicativa do alumnado.	
Combínanse diferentes tipos de proba para a avaliación final do alumnado (individuais, de grupo, orais, escritas, exames, traballos...).			
As calificacións finais considéranse xustas e reflicten unha evolución positiva do alumnado.			



7.3.2. AVALIACIÓN POR PARTE DO ALUMNADO.

ENQUISA A CUBRIR POR PARTE DO ALUMNADO. // GRUPO: _____

CUESTIONARIO SOBRE A/O DOCENTE

Instrucións:

- Valora as seguintes cuestións rodeando cun círculo a cifra de 1 a 10 que consideres axeitada.
- Procura matizar as respostas (valorar todas coa mesma nota non ten sentido).
- Este cuestionario é anónimo .

1. A/o docente informou sobre a programación e os seus contidos e obxectivos 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
2. A/o docente explica cada tema de forma ordenada e coherente 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
3. A/o docente explicou todos os temas do período 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
4. A/o docente explicou deténdose nos aspectos máis importantes 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
5. A/o docente atendeu as preguntas dos alumnos durante as clases 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
6. Os exames adaptáronse á materia explicada 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
7. As cualificacións axustáronse aos criterios establecidos previamente 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
8. A/o docente atendeu as reclamacións dos alumnos 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
9. A/ o docente mantivo unha boa actitude co alumnado 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
10. A/o docente conseguiu crear un bo ambiente na clase 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
11. A/ o docente dedicou atención aos alumnos con dificultades 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
12. Foi correcto o reparto de puntos entre os exames e as outras notas? 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10
13. Cres tes máis coñecementos ca ao comezo do curso? 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

14. Na túa opinión, que aspectos deberían ser mellorados ou corrixidos?

15. Que aspectos gustáronche e deberían seguir estando no próximo curso?



16. Indica aqueles outros aspectos que che interese manifestar e non atopases recollidos nas cuestións anteriores

Vilalonga, a ____ de _____ de 201__.

8. ADAPTACIÓN A UNHA ENSINAZA COMPLETAMENTE TELEMÁTICA

8.1. 1º BACHARELATO.

En caso dun confinamento prolongado, a educación trasladarase á aula virtual do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga/aulavirtual/course/index.php?lang=es>). Nesta plataforma o alumnado atopará toda a información, explicacións e actividades da materia para a adquisición dos estándares de aprendizaxe imprescindibles e poder continuar coa súa ensinanza-aprendizaxe, sempre adaptándose ás horas semanais adxudicadas á materia en cada curso. A comunicación co alumnado farase empregando esta mesma plataforma, a través do apartado de “Avisos” ou nos foros e mensaxes. Sen embargo, se o alumnado o precisara por ser máis rápido, tamén se poderá utilizar o correo electrónico para comunicacións bilaterais.

De igual xeito será posible a realización de vídeo-clases a través das plataformas que correspondan.

O alumnado entregará as actividades requiridas a través da aula virtual en prazo e forma.

8.1.1. ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES.

Dentro das aprendizaxes da propia materia de Lingua Castelá e Literatura I, os estándares imprescindibles para a adquisición das competencias clave nunha ensinanza completamente telemática son os que siguen:



Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- LCL1B1.1.1. Realiza exposicións orais sobre temas especializados, consultando fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información e seguindo unha orde previamente establecida.
- LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.
- LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.) empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.
- LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.
- LCL1B1.3.2. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

- LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.
- LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc.), empregando un léxico preciso e especializado, e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.
- LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.
- LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais e secundarias.
- LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención comunicativa do/da autor/a, tema e xénero textual).
- LCL1B2.3.1. Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e a estrutura do texto, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.
- LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información en función dunha orde predefinida, revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.
- LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo.
- LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina e bibliografía).
- LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos.

Bloque 3. Coñecemento da lingua

- LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc.



<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.1.2. Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e os valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores do artigo determinado e do indeterminado, e de calquera tipo de determinantes, en relación coa súa presenza ou ausencia coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas, impersonais e medias, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.3.4. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas de relativo, identificando o antecedente que modifican.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.5.2. Identifica, analiza e interpreta as formas gramaticais que fan referencia ao contexto temporal e espacial, e aos participantes na comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.5.3. Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención comunicativa e do resto dos elementos da situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e de subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.7.1. Explica, a partir dun texto, a orixe e a evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B3.8.1. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.
<p>Bloque 4. Educación literaria</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence e a obra



do/da autor/a.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.3.1. Interpreta criticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.4.1. Planifica a elaboración de traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores/as da literatura desde a Idade Media ata o século XIX.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.4.2. Obtén a información de fontes diversas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCL1B4.4.3. Argumenta con rigor o seu propio xuízo crítico.

8.1.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA ENSINANZA TELEMÁTICA.

No caso dun confinamento prolongado, e atendendo ás particularidades dunha ensinanza telemática, os criterios de calificación quedan do modo que sigue:

- Probas escritas: 60%
- Proba de lectura: 10%
- Traballos escritos entregados polo alumnado (comentarios de texto e textos de creación propia): 15%
- Actividades realizadas a través da plataforma: 5%
- Intervencións orais: 10%

As probas escritas realizaranse a través dalgunha das plataformas corporativas habilitadas pola Xunta e os traballos escritos entregaranse a través da aula virtual tal e como se especifica no punto 8 desta programación.

Os instrumentos e métodos de avaliación son os recollidos na táboa do apartado 4.1. da presente programación, empregando as rúbricas do apartado 7.1.1., a excepción da rúbrica 1 na que non se terán en conta os ítems 5 e 10. Dese xeito, a nota que se obterá será sobre 8 e terase que axustar á porcentaxe que lle corresponde nos criterios de calificación (7% da nota de avaliación).

Debe destacarse que se seguirán tendo en conta as detraccións por faltas de ortografía e expresión que se explican no apartado citado anteriormente, así como a decisión ante o feito de coller a un alumno/a copiando.

En caso de darse un confinamento parcial (15 días), manteranse os criterios sobre avaliación e cualificación tal e como aparecen recollidos no punto 7, apartado 7.1.1. Se, por darse este confinamento parcial ao remate dunha avaliación e isto provocara a imposibilidade de realizar alguna das probas escritas antes das sesión de avaliación, o 70% recairía sobre a proba realizada, establecendo unha nota provisional no boletín. Ao reanudarens as clases, fariase a proba e modificaríase a nota da avaliación de cara á media final.



8.2. 2º BACHARELATO.

En caso de ensinanza a distancia, a educación trasladarase á aula virtual do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga/aulavirtual/course/index.php?lang=es>). Nesta plataforma o alumnado atopará toda a información, explicación e actividades da materia para a adquisición dos estándares de aprendizaxe imprescindibles e continuar coa súa ensinanza-aprendizaxe.

De igual xeito será posible a realización de vídeo-clases a través das plataformas que correspondan.

A comunicación co alumnado farase empregando esta mesma plataforma, a través do apartado de “Avisos” ou nos foros e mensaxes. Sen embargo, se o alumnado o precisara por ser máis rápido, tamén se poderá utilizar o correo electrónico para comunicacións bilaterais.

O alumnado entregará as actividades requeridas a través da aula virtual en prazo e forma.

8.2.1. ESTÁNDARES IMPRENSCINDIBLES.

Dentro das aprendizaxes da propia materia de Lingua Castelá e Literatura II, os estándares imprescindibles para a adquisición das competencias clave nunha ensinanza telemática son os que siguen:

LCL2B1.4.4. Exprésase oralmente con claridade, precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa, e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal.

LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.

LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias.

LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.

LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para mellorala.

LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita.

LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc), empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.

LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.

LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.

LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas,



correlación temporal, etc.) e léxico-semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos e hiperónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.

LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado.

LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).

LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.

LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.

LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.

LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.

LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.

LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.

LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.

LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias décticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.

LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.

LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.

LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.

LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence.

LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.

LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativos da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.

LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.



8.2.2 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NA ENSINANZA TELEMÁTICA.

Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que na ensinanza ordinaria, é dicir, 90% para a proba escrita de avaliación e 10% para os dous comentarios entregados, seguindo todas as particularidades que se expoñen no apartado 7 desta programación.

As probas escritas realizaranse a través dalgunha das plataformas corporativas habilitadas pola Xunta e os traballos escritos entregaranse a través da aula virtual tal e como se especifica no punto 8 desta programación.

Debe destacarse que se seguirán tendo en conta as detraccións por faltas de ortografía e expresión que se explican no apartado citado anteriormente, así como a decisión ante o feito de coller a un alumno/a copiando

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para atender as diferenzas entre o alumnado desta área contémpanse tres tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

- A) adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para os alumnos que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.
- B) adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para os alumnos que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos estándares.
- C) adaptación das metodoloxías de ensino-aprendizaxe en forma de traballo colaborativo entre alumnado con grao heteroxéneo de desenvolvemento de capacidades de modo que os máis avanzados titoricen aos que precisan algún tipo de reforzo.

Cando as medidas ordinarias se manifesten insuficientes o docente presentará á xunta de avaliación inicial –na sesión correspondente- ou ao departamento de orientación –en calquera momento do curso- a proposta para iniciar algunha das medidas extraordinarias de atención á diversidade habilitadas no centro: ACI ou reforzo educativo co docente de pedagogía terapéutica. Na avaliación final dos primeiros cursos da ESO o docente poderá propoñer, en caso de consideralo necesario, a execución de medidas extraordinarias de atención á diversidade de cara ao vindeiro curso, como son: agrupamentos específicos (2º eso), reforzo en lingua ou/e matemáticas (en 1º eso), titorías de estudo (2º eso), reforzo de galego (aos exentos de francés) e plan mellora (en 2º e 3º).

O reforzo educativo aplícase aos alumnos con problemas de aprendizaxe e encargarase de el o docente que imparta a materia no grupo de referencia, en colaboración con el departamento de orientación.

Os aspectos que se contemplan neste apartado son os seguintes:



-lectura de textos complementarios.

-redacción de resumos e esquemas.

-elaboración de textos.

-actividades de ortografía e morfoloxía.

-reforzo no traballo da adquisición de léxico con axuda do dicionario ou de libros ou fragmentos de lectura.

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Segundo establece o decreto 86/2015 no seu artigo 4 (páxs. 25441/2): “a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa”.

En todo caso, ao longo do curso o profesorado poderá propoñer diversos temas que sexan motivo de traballo na aula, ben a nivel oral en forma de debate, ben a nivel escrito en forma de textos de diversos tipos. Estes traballos poden estar baseados na lectura de fragmentos de obras, noticias, na visualización dalgunha curta, etc.

Os temas son os seguintes:

- O racismo e a xenofobia.
- A violencia de xénero e as actitudes sexistas. A igualdade entre sexos.
- A ecoloxía, a contaminación.
- O uso das tecnoloxías.
- A publicidade nos medios de comunicación.
- O consumo responsable.
- A aprendizaxe de linguas.
- outros temas de carácter social ou cultural extraídos dos medios de comunicación.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Como en anos anteriores, o departamento promoverá aquelas actividades complementarias que xulgue de interese para o alumnado con vistas a completar os contidos recollidos na presente programación.

Para todas as actividades complementarias que se realicen teranse en conta os criterios establecidos polo consello escolar e a vicedirección do centro.



En concreto para este ano, se promoverá, na semana do Día do Libro, un concurso vídeo-literario que combine poesía escrita por mulleres e imaxes e no que se establecerán dúas categorías: ESO e FP Básica e BACH e Ciclos.

12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

A revisión das Programacións é unha fase necesaria para a mellora do proceso educativo. Durante o propio curso e sempre en beneficio dos grupos, é posible realizar cambios na presente programación. De ser o caso reunirse o Departamento e deixare recollido en acta.

Do mesmo xeito, ao final de curso realizarase unha análise da programación na que se terán en conta os resultados obtidos polo alumnado (índices de aprobados e suspensos, resultados dos alumnos coa materia pendente), as dificultades que puidesen ter xurdido no desenvolvemento dos temas, os cambios que por diferentes motivos se efectuasen nos contidos ou na orde de explicación dos mesmo se os resultados das enquisas realizadas polo profesorado en cada avaliación e polo alumnado ao final do curso.

Esta análise estará recollida na memoria de fin de curso do Departamento e terá tamén un apartado coas propostas de modificación e mellora que se deberán realizar nas programacións do curso seguinte.